

A Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Ourense participa no programa FÓRMATE NA EMPRESA, impulsado pola Xunta de Galicia, como entidade beneficiaria dunha subvención na que poderán participar 12 persoas mozas maiores de 18 anos, para a realización de estadias formativas en empresas ou entidades públicas ou privadas, vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia.

A finalidade deste programa é reforzar a empregabilidade e as habilidades e competencias profesionais das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (SNGX), non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, cos seguintes obxectivos específicos:

- a) Potenciar os programas de educación non formal nos que as persoas mozas adquiran os coñecementos e habilidades máis demandados no contexto laboral actual.
- b) Achegar ás persoas mozas á realidade empresarial e mellorar a súa autonomía persoal.
- c) Crear un ecosistema favorable á creación de oportunidades de emprego xuvenil.
- d) Favorecer a captación e retención de talento en sectores económicos clave para a economía galega.

REQUISITOS DAS PERSOAS MOZAS PARTICIPANTES NESTE PROGRAMA

- a) Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do SNGX, de conformidade co disposto no artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- b) Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- c) Estar inscritas no SNGX e figurar como persoas beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONDICIÓNS E BENEFICIOS DO PROGRAMA

As persoas participantes percibirán unha bolsa de formación cun importe de 690,67 € mensuais, incrementada en 100€ en caso de persoas con discapacidade, e outros 100€ para desprazamentos cando a estadia non sexa no concello de residencia do participante.

Ademais recibirán unha formación complementaria en habilidades ,competencias e prevención, cun mínimo de 80 horas lectivas e apoio e titorización durante a duración das estadias.

As horas formativas nas entidades ou empresas nas que se realizan as estadias terán unha duración mínima de 100 horas mensuais e un mínimo de catro días semanais.

NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS

12 prazas ofertadas

EMPRESAS NAS QUE SE REALIZARÁN AS ESTADÍAS FORMATIVAS

EMPRESA: PRODUCTOS BITUMINOSOS Y ÁRIDOS S.A.; SECTOR; PEDRA NATURAL; LOCALIDADE: TOÉN.

EMPRESA: EMERGALIA S.L.U; SECTOR; AUTOMOCIÓN; LOCALIDADE; SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

EMPRESA: ACEITES ABRIL S.L.;SECTOR; AGROALIMENTACIÓN;LOCALIDADE;SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

EMPRESA: CASA QUIROGA HORTOFRUTICOLA S.A.U; SECTOR;AGOALIMENTACIÓN;LOCALIDADE;SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

EMPRESA: RODRIGUEZ LÓPEZ AUTO S.L.;SECTOR; AUTOMOCIÓN; LOCALIDADE; SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

EMPRESA: GRI TOWERS GALICIA S.L.; SECTOR; AERONÁUTICA; LOCALIDADE; CARBALLIÑO.

EMPRESA:COMPONENTES AERONÁUTICOS COASA S.A.U.; SECTOR; AERONÁUTICA;LOCALIDADE; SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

EMPRESA: TIGER STORES NORTH WEST SPAIN SL.; SECTOR; AGROALIMENTACIÓN; LOCALIDADE; OURENSE.

EMPRESA: IGNACIO DE LAS CUEVAS S.L.; SECTOR; AGROALIMENTACIÓN; LOCALIDADE; SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

EMPRESA: ADVENTUS PLUS; SECTOR; METALMECÁNICO; LOCALIDADE; SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes das persoas mozas interesadas en participar no programa Fórmate na empresa presentaranse telemáticamente na web www.acourense.com a través do formulario de google do seguinte enlace: [Inscripción como persoa interesada no Programa Fórmate na Empresa.](#)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Luns 20 de abril de 2026 ao Luns 27 de abril de 2026

CONTACTO:

Correo electrónico: formacion@acourense.com

teléfono: 988 366 240 - 601 641 125 (solo whatsapp)

Para máis información acuda ás nosas instalacións sitas en Rúa Padilla 1-3 (32005 Ourense)